

AULA DE TECNOLOXÍA



Patio Exterior



Biblioteca



Patio infantil



Polideportivo



Comedor



SERVIZOS OFERTADOS POLO CENTRO

Comedor

O servizo de comedor ten un custo **mensual de 80 €** ou por **día solto de 7€**.

A comida é elaborada por cociñeiras no propio centro tódolos días.

O horario do servizo de comidas é de **14:00 – 15:30h**.

Servizo de garda

Trátase dun servizo gratuito para o alumnos/as de comedor.

O alumnado está acompañado por profesorado do centro.

O **horario** do servizo de garda é de **15:30 – 17:30h**.

Servizo de madrugadores

Trátase dun servizo opcional (a petición dos pais/nais/titores legais) para o alumnado de infantil e primaria.

O alumnado toma o almorzo no propio acompañado de persoal do centro.

O **horario** do servizo é de **8:00 – 9:00h**. ***(o horario do servizo pode cambiar a petición dos usuarios).**

Espazo cardioprotexido

O noso centro conta cun **desfibrilador** (que esperamos que non sexa necesario usar nunca) a disposición de todo o alumnado, profesorado, persoal do centro e pais/nais ou calquera persoa que o precise.

Actividades extraescolares

O centro oferta multitude de actividades despois das clases. Diversas **actividades deportivas, informática, robótica, teatro, exploradores, puzzles, xadrez, música e movemento**.

Aula de música



Aula de audición e linguaxe



Rocódromo



Aula de psicomotricidade



Aula de informática



Patio interior



OFERTA EDUCATIVA

Educación Infantil

(3-6 anos)

Horario lectivo de 9:00 – 14:00 h

As mestras de educación infantil non utilizan material de ningunha editorial, todo o material didáctico é elaborado persoalmente por elas atendendo as necesidades do grupo. Ademais das mestras, o alumnado dispón de varias horas semanais con especialistas en idiomas estranxeiros así como especialistas para distintas dificultades do aprendizaxe.

Todas as aulas dispoñen de baño propio, pizarra dixital, ordenador, conexión a internet e todos os recursos necesarios.

O material que precisan os nosos alumnos/as:

- Material didáctico persoal para todo o curso incluído o mandilón (55€).
- Libro de inglés da editorial Mcmillian.

Educación Primaria

(6 - 12 anos)

Horario lectivo de 9:00 – 14:00 h

A educación primaria no centro desenvólvese buscando o desenrolo persoal e a adquisición de habilidades culturais básicas. O procedemento de aprendizaxe lévase a cabo mediante material de elaboración propia do profesor/a, mediante libros editados e recursos de espazos e material diversos (música, plástica, informática). Existen profesores/as de apoio educativo dedicados a resolver as dificultades durante o aprendizaxe.

As aulas contan con todo tipo de recursos dedicados como ordenador, pizarra dixital, proxector, conexión a internet, aula virtual.

Educación Secundaria

(12 - 16 anos)

Horario lectivo de 9:00 – 14:30 h.

Luns tarde 16:00 – 17.40 h.

Na última etapa da educación obrigatoria, o colexio busca que o alumnado adquira os hábitos e habilidades propios da vida adulta. Utilízanse materias e recursos de elaboración propia do profesor/a, material de editoriais así como recursos materiais diversos propios de cada materia.

As aulas tamén contan con todo tipo de recursos dedicados como ordenador, proxector, conexión a internet, aula virtual.

Reserva


a túa

praza

1 ao 20 de marzo

Colexio Ferroviario
Monforte de Lemos (Lugo) 27400
Rúa da Coruña, Nº14
Teléfono: 982 40 07 80
www.colexioferroviario.com
cpr.ferroviario@edu.xunta.es

C. FERROVIARIO



MONFORTE